

## **BASES PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE TÉCNICO/A-AXENTE DE TURISMO, FINANCIADA CON CARGO AO PROGRAMA DP0029/2017 DA DEPUTACION DA CORUÑA**

### **Primeira.- Obxecto da convocatoria.**

É obxecto da presente convocatoria a contratación, na modalidade de Contrato Temporal por obra ou servizo a xornada completa dunha praza de técnico/a-axente de turismo por un período de 6 meses, subvencionado pola Deputación Provincial de A Coruña, a través do Programa DP0029/2017 a concellos de menos de 50.000 habitantes para o financiamento do gasto de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2017.

As funcións e tarefas a desempeñar serán as de Información Turística no punto de información turística, situado no Lugar de Pedrouzo, Parroquia de ARCA fonte ó Albergue Público de peregrinos, segundo a memoria presentada para a solicitude da subvención a concellos e agrupacións de concellos da Coruña de menos de 50.000 habitantes para financiar gasto de persoal das oficinas de turismo ano 2017.

### **Segunda.- Requisitos dos aspirantes.**

Serán requisitos mínimos de tódolos aspirantes, de conformidade co previsto na base específica 3ª.- Obxecto específico do programa da convocatoria do programa da Deputación Provincial da Coruña (BOP nº. 32 do 15 de febreiro de 2017):

“estar en posesión dalgún dos seguintes títulos:

- 1.- Técnico superior en Guía, Información e Asistencia Turística ou equivalente
- 2.- Técnico en Empresas e Actividades Turísticas ou equivalente
- 3.- Grao ou diplomado en Turismo ou equivalente homologado.
- 4.- Grao ou licenciatura en Historia da Arte.
- 5.- Grao ou licenciatura en Humanidades
- 6.- Grao ou licenciatura en Xeografía e Ordenación do Territorio.
- 7.- Grao ou licenciatura en Historia.

Ademáis deberán achegar no prazo de presentación de instancias a documentación que acredite o seguinte:

a) Ter nacionalidade española ou ser nacional de outros Estados conforme aos artigos 56 e 57 do Estatuto Básico do Empregado Público. Presentará copia cotexada do DNI.

b) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non pasar daquela idade prevista para a xubilación forzosa por idade.

c) Non haber sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.

d) Ter a capacidade funcional, así como a capacidade física necesaria para o desenvolvemento das tarefas, extremos que deberán acreditarse mediante a presentación de informe médico ou certificado médico (que poderá ser achegado xunto coa solicitude

de participación no proceso selectivo, ou en todo caso, de ser seleccionado na data de sinatura do contrato).

e) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade có disposto na Lei 53/1984 de 26 de decembre, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

f) Posuír como mínimo o carné de clase “B”.

### **3º.- Duración e tipo de contrato.-**

O contrato de traballo temporal por obra ou servizo determinado, será de seis meses a contar dende o primeiro día de alta como traballadores do Concello, coa data límite do 31 de decembro.

A xornada laboral será a tempo completo, co horario establecido pola Alcaldía

### **4º.- Retribucións.-**

As retribucións estipuladas para este posto, son de 1.636,98 euros/mes, brutos (incluído tódolos conceptos salariais e pagas extraordinarias).

**5º.-Sistema de selección** : Será o concurso de méritos.

CONCURSO DE MÉRITOS ( ata un máximo de 15 puntos)

A) Formación:

- Por posuír outra titulación media ou superior, ademais dunha das esixidas na base segunda apartado desta convocatoria, sempre que estea relacionada coas tarefas do posto de traballo a ocupar: 1 punto por cada titulación **ata un máximo de 2 puntos**.
- Por ter asistido a cursos de formación e perfeccionamento impartidos en centros oficiais, universidades, colexios oficiais ou escolas de administración pública relacionados coas materias obxecto desta convocatoria, **ata un máximo de 3 puntos**:
  - Máster ou Postgrao (relacionado co sector turístico): 1 punto.
  - Curso de 100 ou máis horas: 0,25 puntos.
  - Curso de 50 a 99 horas: 0,15 puntos.
  - Curso de 20 a 49 horas: 0,10 puntos.
  - Curso de 1 a 19 horas: 0,05 puntos.
- Coñecementos de idiomas:
  - Curso de inglés dunha escola oficial: nivel básico 0,75 puntos; nivel medio 1 punto; nivel avanzado 1,25 puntos.
  - Curso de francés dunha escola oficial: nivel básico 0,75 puntos; nivel medio 1 punto; nivel avanzado 1,25 puntos.
  - Curso de alemán dunha escola oficial: nivel básico 0,75 puntos; nivel medio 1 punto; nivel avanzado 1,25 puntos.
  - Curso de Perfeccionamento de lingua galega ou Celga 4: 1.25puntos.

Só se terá en conta o curso ou validación máis alta da que dispoñan os candidatos presentados

B) Experiencia laboral:

-- 1 punto por cada ano completo de servizos prestados baixo contratación nunha oficina de información turística local, provincial ou autonómica, ata un máximo de **5 puntos**.

A documentación poderá ser fotocopia, sen ser precisa a copia cotexada; se presumirá documentación auténtica, e unicamente será requirida a presentación da documentación orixinal aos aspirantes que finalmente sexan seleccionados. No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso.

Procedemento de selección: Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Sr. Alcalde, mediante resolución aprobará a lista provisional de admitidos e excluídos. Dita resolución será definitiva de non haber excluídos, e será exposta obrigatoriamente no taboleiro de edictos do Concello, tamén na páxina web e na sede electrónica do Concello, relacionándose os aspirantes excluídos coa indicación da causa de exclusión.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de cinco días para reclamacións e corrección das deficiencias sinaladas. Estas reclamacións e correccións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución que aprobe a lista definitiva, que publicárase na mesma forma. Contra a resolución na que se declare a exclusión definitiva do aspirante, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que ditou o acto, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante a Xurisdición Contenciosa-Administrativa, contados a partir do día seguinte ao da publicación.

Os membros do tribunal poderán nomear colaboradores do tribunal.

Rematado o proceso de cualificación dos aspirantes, o tribunal publicará acta coas puntuacións totais obtidas e coa proposta dos aspirantes. Non poderán propoñerse máis candidatos/as que prazas vacantes, aínda que có resto de solicitantes non seleccionados/as se elaborará unha relación de reservas, por orden de puntuación, de maior a menor, por si fose preciso cubrir posibles baixas ou renuncias, válida para o presente ano e mesmo posto de traballo.

#### **6º.- Presentación de instancias e admisión de aspirantes.-**

As instancias solicitando participar no proceso selectivo se dirixirán ao sr. Alcalde do Concello de O Pino, e presentaránse no Rexistro Xeral do Concello no prazo de seis días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP.

As instancias, xunto coa documentación precisa tamén poderán remitirse na forma prevista na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No caso de non ser presentado no rexistro municipal, os aspirantes deberán remitir un fax (981511123) ou un e-mail ao seguinte: correo@opino.gal coa copia da solicitude debidamente rexistrada dentro do prazo de presentación.

Xunto á instancia tamén se presentará a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI
- Titulación esixida segundo o disposto na base segunda; que se acreditará coa fotocopia cotexada do título, ou no seu defecto, xustificante de ter efectuado o depósito para a súa obtención acompañado da certificación oficial de ter superados os estudos conducentes para a súa expedición.

- Currículo Vital do/a aspirante.
- Xustificantes acreditativos dos méritos alegados, no seu caso.
- Carné de conducir .

### **7º.- Tribunal cualificador da selección.-**

1.- O tribunal cualificador designado pola alcaldía - presidencia (en virtude do artigo 21.1.g) de 7/85 de 2 de Abril reguladora das Bases do Réxime Local), e en base ao establecido por Lei 7/2007 de 12 de abril, Estatuto Básico do Empregado Público, será designado por Decreto da Alcaldía, no momento de aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos.

2.- O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, a lo menos, de tres de seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o presidente e o secretario ou persoas en quen deleguen. De tódalas reunións que faga o tribunal o/a secretario/a redactará acta.

3.- Os membros do tribunal absteranse de intervir e o comunicarán á autoridade convocante cando concorran algunhas das circunstancias prevista no artigo 23 de Lei 40/2015, do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

4.- O tribunal resolverá tódalas dúbidas que xurdan en aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos polas mesmas.

5.- O alcalde, vista a proposta de selección do tribunal, procederá á adopción do decreto correspondente que resolverá a contratación.

### **8º.- Formalización do contrato.-**

A proposta del tribunal cualificador se elevará a Alcaldía - Presidencia, para a resolución do expediente de selección, mediante decreto, que será publicado no taboleiro de anuncios e páxina web do Concello.

A formalización dos contratos laborais cos aspirante seleccionado será competencia do Sr. Alcalde - Presidente; os/ as aspirantes deberán incorporarse ao seu posto de traballo no prazo máximo de cinco días, dende que sexan requiridos para elo.

### **9.- Norma Final.**

A presente convocatoria, as súas bases e todos os actos administrativos que da mesma se deriven e das actuacións do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados no caso e na forma dispostos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común.

O Pino, a 2 de maio de 2017.

O Alcalde-Presidente,

Asdo/Manuel Taboada Vigo